

Actividades extraescolares

As Actividades Extraescolares ofertadas polo colexio ABRENTE fanse cunha programación clara e funcional sometida a constantes análises e valoracións.

Un dos mellores servizos que prestan as Actividades Extraescolares é motivar e axudar aos alumnos para que aprendan a planificar o seu tempo de ocio e a vivilo creativamente. Axudan a espertar inquietudes e a desenvolver valores que incrementan a calidade educativa.

FUN WITH ENGLISH

Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º EP.

Os alumnos tomarán contacto coa lingua inglesa a través de diversos obradoiros, exercicios de improvisación, expresión corporal, música, danza, xogos interactivos, etc....

RO-BOTICA

Ed. Infantil, EP e ESO

Dirixida a todos os alumnos do centro. Esta actividade intentará obter unha mellora no esquema organizativo do pensamento. Outro obxectivo é familiarizarse co manexo "positivo" dos equipos informáticos que se utilicen, que non sexan un mero instrumento lúdico como soe ser habitual.



XIMNASIA RÍTMICA

Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria

A Ximnasia Rítmica é un dos deportes máis creativos que deixa lugar á imaxinación, traballando aspectos que teñen que ver coa música e a expresividade corporal.



CONVERSACIÓN INGLÉS NATIVO

4º, 5º, 6º EP e Ed. Secundaria (ESO).

Dirixida a adquirir unha maior destreza e competencia orais. Transmitiranse tamén a cultura e tradicións do país de orixe do profesor nativo, o que pode resultar pedagoxicamente interesante e motivador para os alumnos.

KET / PET / FIRST

Ed. Secundaria (ESO).

Os alumnos prepararanse dunha forma amena para atender os exames oficiais de Cambridge, KET, PET e FIRST. Mellorarán as súas capacidades de entender e de comunicarse en inglés, ademais de aprender a afrontar este tipo de retos e de optar a un CERTIFICADO OFICIAL. *Let's go for it!*

MÚSICA E MOVEMENT

Ed. Infantil

Achegamento temperán á Educación Musical que se combina de forma lúdica con movementos corporais para contribuir ao desenvolvemento integral dos máis pequenos. Ademais, mellora o oído musical, a expresión corporal e artística e fomenta a creatividade.

AULA DE ALEMÁN

5º, 6º EP e 1º ESO.

Os alumnos aprenderán dunha forma sinxela e lúdica un idioma que cada vez ten máis relevancia, o alemán, polo tanto será un bo vehículo para abrir moitas portas cara ó futuro. *Ánimate xa!*